

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

QUEN SE FOI DE SEVILLA PERDEU A SILLA

Hai moitos, moitos anos había en Sevilla un arcebispo chamado Alonso de Fonseca, que tiña un sobriño moi folgazán. Como o mozo non tiña en que ocuparse o arcebispo encargoulle que fora a Santiago de Compostela, para resolver algúns asuntos da Igrexa. O mozo foi a Santiago, pero, como era un home débil, non puido concluír os negocios. Enviou cartas ao seu tío pregándolle que acudira a Santiago, e que el regresaría a Sevilla. Así quedaron as cousas, e o arcebispo púxose en camiño a Galicia, resolveu canto tiña que resolver e volveu a Sevilla. Cando chegou á capital andaluza, o seu sobriño ocupara o posto de arcebispo da cidade e díxolle ó seu tío:

—Ben o sinto, tío, pero quen se foi de Sevilla perdeu a *silla*.

Belén BERMEJO

1. Contesta as preguntas.

• Quen era Alonso de Fonseca? Un arcebispo de Sevilla.

• Cal era o traballo do sobriño? O sobriño non traballaba en nada.

• A que foi o sobriño a Santiago? Mandoulle ir o tío, para resolver uns asuntos da Igrexa.

• Que perdeu o arcebispo ao saír de Sevilla? Perdeu a silla, porque o sobriño lle ocupara o sitio.

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

1. Escribe os nomes e di o número de letras que as forman.



1

pé



3

castelo



4

teléfono



2

casa

2. Clasifica as palabras onde corresponda.

man árbore planta ceo
 cheminea zapatilla can papaventos

1 sílaba	2 sílabas	3 sílabas	4 sílabas
man	planta	árbore	cheminea, zapatilla
can	ceo		papaventos

3. Ordena as letras e forma palabras relacionadas coa roupa.

onnaptal ixesre aisa acaims
 ñabarod abusl actamise ecaltínc

pantalón, xersei, saia, camisa, bañador, blusa, camiseta, calcetín

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

1. Le e rodea os puntos que aparecen no texto.

Hoxe inauguraron un acuario na miña vila. Din que é moi grande. Hai peixes de todo o mundo. Polo visto, as quenllas son enormes. Ademais, se queres, podes quedar a comer alí. Hai un parque con mesas e un restaurante. O meu pai di que iremos o próximo domingo. Teño unhas ganas inmensas de ir. Non me dá chegado o día!

2. Escribe as palabras da actividade anterior que van despois de punto.

- | | |
|-----------------|--------------|
| • Din _____ | • Hai _____ |
| • Hai _____ | • O _____ |
| • Polo _____ | • Teño _____ |
| • Ademais _____ | • Non _____ |


3. Completa coa consoante que falta.

C hámome Pedro. T eño oito anos. V ivo na rúa Nova.

T eño dous irmáns pequenos. Gústame moito xogar cos meus amigos e andar en bicicleta. D e maior quero ser astronauta.

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

1. Repasa e escribe onde corresponda.



cóbado
pulso
xeonllo
pescozo
ombro
nocellos
perna
pé

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

2. Ordena para formar nomes de partes do corpo e logo escribe unha oración con cada unha.

be za ca **cabeza**

• _____

re o lla **orella**

• _____

cal ño ca **calcaño**

• _____

xe mei la **meixela**

• _____

3. Escribe o nome de partes do corpo.

• Cobre a nosa cabeza: _____ **pelo**

• Dentro dela temos os dentes: _____ **boca**

• Por ela respiramos e ulimos: _____ **nariz**

• Temos cinco en cada man e pé: _____ **dedos**

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

1. Le o texto e colorea a nena para que sexa Alba.

Alba é unha nena de sete anos. Na casa din que é alta para a súa idade. O seu pelo é negro como o carbón. Ten un fermosos ollos verdes e os seus beizos son colorados como os amorodos. É moi simpática e un pouco testana. Gústalle ir sempre moi ben vestida.



2. Completa cos datos do texto.

• O físico: Alba é alta, ten o pelo negro, ollos verdes e beizos colorados.

• O carácter: É simpática e un pouco testana.

• O que lle gusta: Gústalle ir ben vestida.

3. Agora elabora a túa descrición. Resposta libre.
